



BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN “CAMPAMENTOS”

Artigo 1. Concepto e obxectivos.

O Concello de Avión, crea este programa de conciliación para á infancia e xovenes empadroadas/os co fin de axudar ás familias na conciliación da vida persoal e laboral durante a época non lectiva. Preténdese, a través de actividades educativas e lúdicas, ofrecer aos nenos/as unha opción de tempo libre positivo, alternativa e divertida, e así, fomentar neles/as actitudes e valores positivos enmarcados na igualdade e a non violencia, tales como, a cooperación, a solidariedade, e o respecto mutuo, creando unha contorna educativa durante todo o ano, favorecer o seu desenvolvemento a través do xogo, a convivencia en grupo e a realización de actividades adaptadas ás súas necesidades.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación das presentes bases será a poboación menor con idades comprendidas entre os 3 (1 ano de escolarización) e os 16 anos de idade.

Artigo 3. Requisitos:

Poderán optar a ser usuarios deste programa aqueles nenos e nenas que cumpran cos seguintes requisitos:

- Ter unha idade comprendida entre 3 (1 ano de escolarización) e 16 anos.
- Estar escolarizados/as no C.E.I.P. Virxe de Guadalupe
- Estar empadroados/as no Concello de Avión.
- Ter un vínculo con avión, algún familiar empadroado (avós, tíos/as, pais)
- Ter cuberta e asinada toda a documentación requirida para inscribirse no programa e entregala nos Servizos Sociais para poder iniciar a actividade.

Artigo 4. Número e tipoloxía de prazas ofertadas:

O total de prazas subvencionadas ofertadas para o programa campamentos será de 50. Todas as prazas serán de balde.

Artigo 5. Criterios de selección:

A orde de selección será por rigorosa orde de entrega da solicitude.

No caso de que ao inicio da actividade se inscriban máis nenos/as que prazas existentes, terase en conta o seguinte:

- Familias monoparentais/ monomarentais.
- Que os dous proxenitores traballen. (Entregarase contrato de traballo para xustificalo)
- Nivel de renda. (Solicitarase declaración da renda do ano 2024)





- Os/as solicitantes non admitidos pasarán a formar parte dunha listaxe de agarda. As solicitudes fóra do prazo indicado estarán suxeitas á existencia de prazas libres. Non serán admitidos nenos/as que non cumpran cos requisitos esixidos.
- Se a loxística do campamento tanto a efectos de persoal como de instalacións permíteo, as prazas que excedan das 50 subvencionadas, serán abonadas polo participante á empresa contratada de tempo libre. As prazas que se cren a maiores o custo será o seguinte:

1ª quincena grupo de 12 persoas: 65€/participante

2ª quincena grupo de 12 persoas: 120€/participante

5.1. As solicitudes para participar no PROGRAMA DE CONCILIACIÓN FAMILIAR “CAMPAMENTOS” presentaranse todos eles debidamente cumprimentados e lexibles.

Artigo 6. Prazo para presentar as solicitudes.

O prazo para presentar a inscrición será a partir do día seguinte da publicación destas bases na paxina web do Concello de Avión ata o día 20 de xuño de 2025. Só serán admitidas solicitudes presentadas fóra de prazo se houbera prazas dispoñibles. Unha vez finalizado o período de inscrición, realizarase chamada telefónica para confirmar a praza e a data de reunión de inicio do programa.

O chamamento por listaxe de agarda será mediante chamada telefónica. Considerarase como desestimada, e polo tanto, anularase a inscrición existente listaxe de agarda a:

- Non aceptación da proposta.
- Non recepción de contestación telefónica nun prazo de 48 horas.

Artigo 7. Lugar de presentación das solicitudes

As solicitudes debidamente cubertas presentaranse por unha das seguintes formas:

- En liña no enlace que aparecerá na web do Concello ou nas redes sociais <https://concelloavion.org/>
- Nos Servizos Sociais, no CIM do Concello de Avión situados en Carretera de O Sifón nº15 (Centro Alvetus) en horario de 9:30 a 14:30h.

Artigo 8. Horario e lugar de realización do programa.

O programa levarase a cabo nas instalacións do Multifuncional, Pavillón deportivo e Piscinas Municipais.

Os horarios e duración do programa será: 9:30 a 14:30h do mes de xuño, xullo, agosto ata o 5 de setembro de 2025.





Artigo 9. Normas de funcionamento.

É obrigatoria a asistencia. Os/as nenos/as que falten a actividade de 2 ou máis días, sen xustificar debidamente perderán a súa praza en favor do/da seguinte na listaxe de agarda.

A falta de cumprimento nas normas de convivencia, seguridade ou comportamento dun/ha neno/a afecte ao normal funcionamento da actividade, procederáse a comunicar á familia e a proceder a dar de baixa ao neno/a no programa.

A participación no programa suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases e as normas de seguridade e comportamento durante o desenvolvemento do campamento. O Concello de Avión resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar precisos para o correcto funcionamento do programa de conciliación.

Avión a 07 de xuño de 2025.

